

RESOLUCION ALCALDESA PRESIDENTA

Resolución da Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vilagarcía pola que se convoca un concurso-oposición para a CONTRATACIÓN DUN/HA TÉCNICO/A, grupo II en Medio Ambiente, mediante relación laboral temporal.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 17 de febreiro de 2.009 acordou a contratación dun/ha Técnico/a Superior (Grupo II) de Medio Ambiente.

A tal efecto a selección de persoal efectuarase a través de procedementos con respecto ós principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Pola súa banda, a selección de persoal laboral temporal da Administración Pública ven regulamentado polas seguintes disposicións:

- Art. 91.2 Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Artigos 126 a 153 e Artigo 167 a 177 do Real Decreto Lexislativo 781/86 (TRRL).
- Lei 7/2007, Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).
- RD Lexislativo 1/1995 de 24 de marzo – Estatuto dos Traballadores.
- RD Lexislativo 5/06, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego.
- Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.
- Lei 13/2007, da Función Pública de Galicia.
- Real Decreto 896/1991. Regras Básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos Funcionarios da Administración Local.
- Real Decreto 364/1995. Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado.
- Lei 30/1984, Medidas para a reforma da Función Pública.

Tales disposicións, prevén que a selección de persoal temporal poderá realizarse mediante o procedemento de concurso-oposición.

Á vista do exposto anteriormente, conforme ó establecido na normativa referida.

RESOLVO:

Primeiro. Convocar un concurso-oposición para a selección DUN/HA TÉCNICO/A, grupo II en Medio Ambiente que permita atender por medio de contratación laboral temporal, as necesidades na área de Medio Ambiente deste Concello.



Segundo. Este concurso oposición rexerese polas seguintes bases/criterios específicas. Para todo o non previsto nestas Bases, e sen prexuízo da xerarquía normativa, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

En Vilagarcía de Arousa a 18 de febreiro de 2009.

María Dolores García Giménez
Alcaldesa Presidenta

**RESOLUCION DA ALCALDESA PRESIDENTA
(corrección de erros)**

Resolución da Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vilagarcía pola que se procede á corrección de erros na convocatoria dun concurso-oposición para a CONTRATACIÓN DUN/HA TÉCNICO/A, grupo II en Medio Ambiente, mediante relación laboral temporal.

En execución do acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 17 de febreiro de 2.009 que acordou a contratación dun/ha Técnico/a (Grupo II) de Medio Ambiente, recae en data 18 de febreiro 2009 a seguinte resolución: “Primeiro. Convocar un concurso-oposición para a selección DUN/HA TÉCNICO/A, grupo II en Medio Ambiente que permita atender por medio de contratación laboral temporal, as necesidades na área de Medio Ambiente deste Concello.

Segundo. Este concurso oposición rexerese polas seguintes bases/criterios específicas. Para todo o non previsto nestas Bases, e sen prexuízo da xerarquía normativa, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.”

Téndose detectado un erro na redacción da base III na súa letra c), procede a súa enmenda, quedando a letra c) redactada do seguinte tenor:

“c) A Titulación requirida é: Inxeneiro Técnico; Diplomado universitario ou tener cumpridos tres anos completos de licenciatura en Bioloxía, Ciencias Ambientais, Física ou Químicas.”

En Vilagarcía de Arousa a 23 de febreiro de 2009.

Maria Dolores García Giménez
Alcaldesa Presidenta

Paula Costas Romero
Secretaría Xeral

Bases /Criterios de selección para a contratación laboral temporal dun posto de traballo de técnico/a en Medio ambiente no Concello de Vilagarcía de Arousa.

I. Obxecto da convocatoria.

É obxecto da convocatoria a selección dun/ha Técnico/a en Medio ambiente, contratado/a laboral temporal, Grupo II. Para a realización das seguintes tarefas:

- Seguemento e avaliación ambiental da revisión do PXOM.
- Xestión de programas de educación ambiental elaborados pola Concellería de Xestión do Territorio nos anos 2009/10.
- Implantación de sistema de inspección e control de emisións e ruidos.
- Revisión do sistema de recollida selectiva de basura e elaboración dun proxecto de mellora.
- Elaboración de programas de aforro enerxético.
- Elaboración e xestión dun programa de mellora da explotación do monte en man común.
- Revisión do cumprimento das normas de Medio Ambiente.
- Revisión e actualización das ordenanzas municipais en materia de Medio Ambiente.

II. Dotación económica, modalidade contractual e duración do contrato.

Trátase dun contrato laboral temporal, e a súa duración será ata tanto non se elabore e poña en marcha o Plan de ordenación de recursos humanos 2008-2013, co seu plan de emprego, a que se fai referencia no prego de condicións para a contratación da elaboración da Relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa e da Fundación de servizos deportivos municipais; aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22/01/2008; e en todo caso polo período máximo de dous anos, reservándose o Concello de Vilagarcía de Arousa a posibilidade de renovar/prorrogar o contrato da persoa que agora se pretende seleccionar.

As retribucións mensuais brutas a percibir serán as correspondentes ao grupo II das taboas salariais, apartado c) Persoal contratado temporal e laboral en xeral, do convenio colectivo do persoal laboral do concello de Vilagarcía de Arousa (B.O.P. de Pontevedra nº52 de 15/03/2006).

III. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

III.1. Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a). Ser español/a, ou te-la nacionalidade dun país membro da Unión Europea ou de calequera daqueles Estados aos que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente. Asemade poderán participar nesta convocatoria os extranxeiros con residencia legal en España, conforme estipula o art.57 do estatuto básico do empregado público.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non pasar daquela idade prevista para a xubilación forzosa por idade.

c) A Titulación requerida é: Inxeneiro Técnico; Diplomado universitario ou tener cumpridos tres anos completos de licenciatura en Bioloxía, Ciencias Ambientais, Física ou Químicas.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.

Os/As aspirantes que non posúan a nacionalidade española, deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu estado o acceso á función pública.

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por eiva física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellaría competente da Xunta de Galiza. As persoas con minusvalía deberán facelo constar na instancia sinalando se precisan adaptación das probas.

f) Non estar afectado/a por motivos de incompatibilidade recollidos na Lei de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

III.2. O cumprimento destes requisitos deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias e deberán manterse ao longo do proceso selectivo.

IV. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ao Concello de Vilagarcía de Arousa, conforme ao modelo que figura como anexo I a estas Bases.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello debidamente cumprimentadas, durante o prazo de quince días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria alo menos nun periódico de tirada en toda Galiza. A convocatoria e Bases tamén será publicadas no taboleiro de anuncios e no sitio WEB, do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Poderán asemade presentarse na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Se conforme a este precepto as solicitudes se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer seladas e datadas polo funcionario de correos. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a todos os efectos.

A instancia acompañarase inescusabelmente de:

- a) Fotocopia compulsada do documento acreditativo da súa identidade.
- b) Fotocopia compulsada do Título requerido para o acceso.

Ademais acompañarase:

- a) Dunha relación resumo dos méritos que alegue o/a interesado/a, enumerados segundo a orde establecida na cláusula VI destas Bases. Esta relación irá acompañada dos documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas, ordeada e numerada segundo o resumo de méritos, pois non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.
- b) De se-lo caso documentación acreditativa de coñecemento do idioma galego, segundo o disposto nestas bases.

Rematado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos/a e excluídos/as, indicando a causa da exclusión, e concedendo un prazo de 5 días hábiles para a subsanación de instancias. A referida resolución será publicada no taboleiro de anuncios e na web do Concello (www.ivilagarcia.es).

Rematado o prazo de subsanación de instancias ditarase resolución pola que se dará aprobación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Se desde un primeiro momento non houbese ningún/ha excluído/a, ditarase directamente resolución aprobando a lista definitiva de admitidos/a.

Na mesma resolución determinarase a designación da Comisión seleccionadora así como o lugar, data e hora de celebración da selección.

V. COMISIÓN SELECCIONADORA.

A composición da Comisión seleccionadora axustarase ao disposto no art. 60 do Estatuto básico do empregado público, e estará integrada polos/as seguintes membros:

- Presidente/a: Un/ha empregado/a municipal
- Vogais: (3): Tres empregados/as municipais.
- Secretaria/o: A do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, alomenos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, categoría primeira.

VI. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O sistema selectivo constará das seguintes fases:

1ª) FASE DE OPOSICIÓN.

Consistirá na realización das seguintes probas:

1ª PROBA. Esta proba consistirá na presentación e defensa dun proxecto que se desenvolvería ao longo dun ano e no que se deberan ter en conta as funcións propias do posto na administración pública local, e en particular referido as necesidades medioambientais do Concello de Vilagarcía. O contido do proxecto deberá ter en conta o temario recollido no anexo II das presentes bases.

Este proxecto contará cun máximo de 10 folios DIN-A4, escritos a unha soa cara e a dobre espazo interlineal, con letra tipo Arial, tamaño 12 puntos.

Esta proba será cualificada de 0 a 10 puntos e será eliminatoria se non se acada un mínimo de 5 puntos.

2ª PROBA. A segunda proba desta fase de selección consistirá nunha entrevista que realizará o Tribunal aos/ás aspirantes. A entrevista xirará en torno ao proxecto presentado por cada un/ha e sobre calquera aspecto relacionado coa documentación presentada para a valoración de méritos.

Esta proba será valorada de 0 a 10 puntos e será eliminatoria se non se acada un mínimo de 5 puntos.

3ª PROBA. ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO

O acreditar o coñecemento do idioma galego implicará a exención da necesidade de realización desta proba. Esta exención operará en caso de acreditar:

- a) Superación do curso de iniciación (CELGA 2).
- b) Superación do curso de perfeccionamento (CELGA 4).

En ámbolos dous casos acreditarase mediante título ou certificación validados ou expedidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou centros oficiais.

No caso de non ter acreditado o coñecemento do idioma galego nalgunha das formas sinaladas, levarase a cabo unha proba de carácter obrigatorio, que consistirá nun exercicio de tradución directa sen axuda de dicionario de dous textos elixidos polo tribunal, do idioma galego ao castelán e viceversa. Cualificarase como apto ou non apto.

Dita proba non terá carácter eliminatorio, pero en caso de que non se supere, e o coñecemento do idioma galego non estivera acreditado por algún dos medios indicados, os/as aspirantes, unha vez sexa contratado, participará nos cursos de formación que para o efecto se convoquen ao fin de alcanzar o grao de coñecemento axeitado á natureza do posto e ás funcións a desenvolver.

2ª) FASE DE CONCURSO.

A Comisión Seleccionadora unha vez rematada a fase de oposición levará a cabo a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes, e publicará o seu resultado no taboleiro de anuncios do concello.

Para esta fase os/as aspirantes presentarán (conxuntamente coa solicitude para tomar parte no proceso selectivo) unha relación dos méritos que aleguen, debidamente acreditados, orixinais ou compulsados, e enumerados segundo o establecido nesta Cláusula, acompañados dun resumo dos mesmos.

Esta fase será cualificada de 0 a 10 puntos repartidos de acordo co baremo que se especifica a continuación:

1. Experiencia laboral directamente relacionada coas funcións a desenrolar: 0,1 puntos por mes traballado, até un máximo de 4 puntos.

Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación orixinal do órgano de xestión da Administración Pública competente e/ou copia autenticada do contrato laboral, no que conste a categoría do posto ou funcións desenvolvidas; resumo da vida laboral, acreditativa dos periodos de traballo alegados; no seu caso acompañado de certificación de empresa acreditativa da categoría ou características das funcións, ou traballos desenvolvidos. Na certificación acreditativa dos servizos prestados na Administración Pública deberá indicarse a función desempeñada e o posto de traballo concreto no que se prestou ou presta servizos.

2. Asistencia a encontros, congresos, simposios, seminarios, etc., directamente relacionados coas funcións do posto: máximo 1 punto, 0,10 puntos por cada 15 horas.

3. Cursos, Masters, Postgrao, Estudos superiores, ou unha segunda titulación oficial, tanto recibidos como impartidos, de contidos directamente relacionados coas funcións do posto: 0,01 por cada hora. Ata un máximo de 3 puntos.

So se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias relacionadas directamente coas funcións propias do posto convocado, sempre que os cursos fosen impartidos por unha Administración Pública, Universidade, Centros Oficiais de ensino, por un centro oficial de formación ou institución homologada para impartir formación profesional continua.

4. Cursos recibidos sobre informática e/ou idiomas, 0,01 por cada hora. Ata un máximo de 2 puntos.

Ningún mérito poderá utilizarse para puntuar en máis dun apartado, e non se tomará en consideración os méritos que non se xustifiquen conforme as presentes Bases ou que se

acrediten fora do prazo de presentación de instancias, ou no seu caso no período de subsanación establecido polas Bases.

VII. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada proba provistos do documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo da Comisión Seleccionadora, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das mesmas. En calquera momento os membros da Comisión Seleccionadora poderán requirir aos aspirantes que acrediten a súa identidade.

Os/as aspirantes serán convocados para cada proba en chamamento único; a non presentación no momento de ser chamado suporá a exclusión do proceso selectivo, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas motivada e discrecionalmente pola Comisión Seleccionadora.

De cada sesión que celebre a Comisión Seleccionadora levantarase acta polo Secretario do mesmo, onde se farán constar as cualificacións dos exercicios dos/as aspirantes, así como as incidencias que se produzan.

VIII. PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO.

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios deste Concello e na páxina web do Concello: www.ivilagarcia.es.

IX. CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE APROBADO.

A suma das puntuacións acadadas na fase de oposición maila obtida na fase de concurso dará a cualificación final. A puntuación de cada unha das probas en fase de oposición virá dada pola media aritmética das puntuacións outorgadas por tódolos membros presentes da Comisión Seleccionadora.

No caso de empate nas puntuacións finais totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición; de persisti-lo empate, terase en conta a maior puntuación obtida no apartado de experiencia laboral; se seguirá persistindo o empate, resolverase por sorteo.

Determinada a cualificación final dos/as aspirantes a Comisión Seleccionadora fará pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación.

A Comisión Seleccionadora en ningún caso poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos convocados. Calquera

proposta de aprobado que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

A Comisión Seleccionadora ao cualificar cada unha das probas non terá en conta a limitación anterior, a cal só se terá en conta para formular a proposta de contratación na que só se incluirá aquel candidato/a que obtivese maior puntuación total final, non podendo a Comisión Seleccionadora facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao da postos convocados.

Na acta da última sesión, incluírase unha relación dos/as aspirantes segundo a orde de maior puntuación obtida que tendo superados as probas da oposición, no seu caso, non foran incluídos na proposta de contratación, a efectos de poder, se así se estima e se fose necesario cubrir a vacante por renuncia do/a seleccionado/a, ou ser contratados/as, para cubrir provisionalmente as ausencias por disfrute de licencias regulamentarias, baixas. Así como por urxencia e necesidade do servizo, algunha baixa de I.T.,etc,. Que deberá ser acordada polo órgano competente no seu caso.

X. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

O/A aspirante proposto/a aportará dentro do prazo de 5 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista de aprobados/as, no taboleiro de anuncios do Concello, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria, que poderán ser orixinais ou copias compulsadas seguintes:

- a) Fotocopia compulsada do documento acreditativo da súa personalidade.
- b) Fotocopia compulsada do Título.
- c) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento nas funcións propias da praza.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

Se dentro do prazo indicado, e salvo supostos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunira os requisitos esixidos non poderá ser contratado/a laboral quedando anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incorrer por falsidade na instancia.

Para o suposto de que o/a aspirante inicialmente proposto/a (ou os/as sucesivos seguintes) renunciase á contratación ou non reuniran os requisitos esixidos na convocatoria, trasladarase a proposta de contratación a favor do/a seguinte aspirante (ou no seu caso, dos seguintes aspirantes) que tendo superados as probas da oposición, non foran incluídos na lista de aprobados/as e proposta de contratación, conforme o sinalado no último parágrafo da base anterior.

XI.- CONTRATACIÓN E INICIO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS

Concluído o proceso selectivo e presentada a documentación a que se refire o apartado anterior, procederase a contratación do/a aspirante proposto/a, sendo nulo a proposta a favor de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

O/A aspirante proposto iniciará a prestación de servizos no prazo que se sinala polo Concello. Mentres non se incorpore ó posto de traballo, non terá dereito a percepción económica algunha.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo e que se lle sinala polo Concello, de acordo coa lexislación aplicable.

O/A aspirante quedará suxeito/a ao réxime de incompatibilidades do sector público conforme á normativa vixente.

XII. DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, conforme á xerarquía normativa, será de aplicación o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de Función Pública de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso

Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 10.1 a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes; da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Vilagarcía de Arousa, 18 de febreiro de 2.008
O que se fai público para xeral coñecemento.

A Alcaldesa Presidenta
Maria Dolores García Giménez

ANEXO I

Modelo de instancia:

D./^a. _____, con D.N.I. num.
_____, e con enderezo en (Rúa/lugar) _____
(Localidade) _____ (Municipio) _____ (Código postal)
_____.

EXPÓN:

Que enterado/a da convocatoria de probas selectivas para a contratación laboral temporal dun/ha TÉCNICO/A, grupo II en Medio Ambiente, MANIFESTA que coñece as bases ou criterios de selección desta convocatoria, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da mesma.

Que acompaña a documentación a que se fai referencia.

Por todo iso,

SOLICITA:

Que previos os trámites oportunos teñan por presentada, en tempo e forma, a presente instancia/solicitud, e na súa virtude procedan a admitir ao/á que suscribe ás probas da convocatoria de referencia

Vilagarcía de Arousa, ___ de _____ de 2.009

ANEXO II

TEMARIO

2.1.- TEMAS GENERALES

- La Constitución española de 1978
- El Estatuto de autonomía de Galicia
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local
- Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales
- Ley 30/1992 de 26 de Noviembre de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común
- Deberes de los empleados públicos. Código de conducta (Capítulo VI del Título III da Ley 7/2007 de 12 de Abril, del Estatuto Básico del Empleado Público)

2.2.- TEMARIO ESPECÍFICO

2.2.1.- Legislación estatal

1. Ley 26/2007 de 23 de Octubre de Responsabilidad Ambiental
2. Ley 10/1998 de 21 de Abril de Residuos
3. R.D. legislativo 1/2001 de 20 de Julio por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Aguas
4. Ley 22/88 de 23 de Julio, de Costas
5. Ley 42/2007, de 13 de Diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad
6. Ley 37/2003 de 11 de Noviembre, del ruido

2.2.2. Legislación autonómica

1. Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia
2. Lei 1/1993, de 13 de Abril, de Protección de animais domésticos e salvaxes en cautividade
3. Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial
4. Lei 13/1989, do 0 de outubro, de montes veciñais en man común
5. Lei 4/1989, de 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres
6. Lei 4/97, de 25 de xuño, da caza de Galicia
7. Lei 7/97, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica
8. Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos
9. Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza
10. Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
11. Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia
12. Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
13. Lei 10/2008, do 3 de Novembro, de Residuos de Galicia

2.2.3. Formación ambiental

1. Concepto de desarrollo sostenible. La Cumbre de la Tierra en Río de Janeiro en 1992
2. Las conferencias europeas de ciudades y pueblos sostenibles
3. Indicadores ambientales. Conceptos básicos,.
4. Sostenibilidad agraria y forestal. El bosque protector. Agricultura ecológica. Gestión sostenible de los paisajes rurales.
5. Criterios de sostenibilidad aplicables al planeamiento urbanístico.
6. La participación ciudadana. Los Consejos Municipales de Medio Ambiente. Otras formas de promover la participación ciudadana.
7. Eficiencia energética. Ahorro energético. Contaminación lumínica.
8. Reciclaje de residuos urbanos. Recogidas selectivas.
9. Residuos de construcción y demolición. Caracterización y gestión.
10. Movilidad sostenible. Políticas municipales. La Semana Europea de la Movilidad.
11. Instalaciones de antenas para telecomunicaciones: los Campos Electromagnéticos. La seguridad de las instalaciones. Ordenanzas municipales.
12. El municipio de Vilagarcía: límites territoriales, geología, clima, hidrografía, topografía, flora y fauna.